

SOLUCIÓN - CUESTIONARIO RD 95/2022 y D 150/2022

***** En preguntas genéricas resuelve según el Decreto curricular.***

1. Nombra de forma completa el Real decreto 95 y el Decreto 150/2022.

- Real decreto 95/2022, do 1 de febreiro, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da educación infantil
- Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia

2. Cite la finalidad de la Educación Infantil:

Artigo 4: Fins (Decreto 150/2022, do 8 de setembro)

A finalidade da educación infantil é contribuír ao desenvolvemento integral e harmónico do alumnado en todas as súas dimensións: física, emocional, sexual, afectiva, social, cognitiva e artística, potenciando a autonomía persoal e a creación progresiva dunha imaxe positiva e equilibrada de si mesmo, así como á educación en valores cívicos para a convivencia.

3. Cite las áreas de conocimiento de Educación Infantil según nuestro decreto curricular:

Segundo o artigo 9 do noso decreto curricular, a etapa educativa da educación infantil organízase en áreas correspondentes a ámbitos propios da experiencia e do desenvolvemento infantil.

As áreas da educación infantil son as seguintes:

- a) Comunicación e Representación da Realidade.
- b) Crecemento en Harmonía.
- c) Descubrimento e Exploración da Contorna.

4. Cita las competencias clave:

Artigo 8. Competencias clave

No anexo I do Decreto 150/2022 establécense as competencias clave da etapa, que son as seguintes:

- a) Competencia en comunicación lingüística (CCL).
- b) Competencia plurilingüe (CP).
- c) Competencia matemática e competencia en ciencia e tecnoloxía (STEM).
- d) Competencia dixital (CD).
- e) Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).
- f) Competencia cidadá (CC).
- g) Competencia emprendedora (CE).
- h) Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).

5. Cita los documentos oficiales de evaluación:

Artigo 22. Documentos e informes de avaliación. (Decreto 150/2022, do 8 de setembro)

Na educación infantil, os documentos oficiais de avaliación son as actas de avaliación, o expediente académico, o historial académico, os informe final de etapa, e, de ser o caso, o informe persoal por traslado.

6. Objetivos de la Educación Infantil:

Artigo 7. Obxectivos xerais da etapa (Decreto 150/2022, do 8 de setembro)

A educación infantil contribuirá a desenvolver nas nenas e nos nenos as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, así como as súas posibilidades de acción, e aprender a respectar as diferenzas.
- b) Observar e explorar a súa contorna familiar, natural e social.
- c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- d) Desenvolver as súas capacidades emocionais e afectivas.
- e) Relacionarse coas demais persoas en igualdade e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse no uso da empatía e a resolución pacífica de conflitos, evitando calquera tipo de violencia.
- f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lectura e a escritura, e no movemento, o xesto e o ritmo.

h) Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que fomentan a igualdade entre mulleres e homes.

i) Coñecer e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

7. Define: objetivos de etapa y área, competencias, contenidos, criterios de evaluación y orientaciones pedagógicas:

- **Obxectivos de etapa:** logros que se espera que o alumnado alcance ao finalizar a etapa e cuxa consecución está vinculada á adquisición das competencias clave.

- **Obxectivos de área:** desempeños que o alumnado debe poder despregar en actividades ou en situacións cuxa abordaxe require as aprendizaxes asociadas aos contidos de cada área. Os obxectivos das áreas constitúen un elemento de conexión entre, por unha banda, as competencias clave e, por outra, os criterios de avaliación e os contidos das áreas.

- **Competencias clave:** desempeños que se consideran imprescindibles para que o alumnado poida progresar con garantías de éxito no seu itinerario formativo e afrontar os principais retos e desafíos globais e locais. Son a adaptación ao sistema educativo das competencias clave establecidas na Recomendación do Consello da Unión Europea do 22 de maio de 2018 relativa ás competencias clave para a aprendizaxe permanente. Así mesmo, eses desempeños evidéncianse nas capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

- **Contidos:** coñecementos, destrezas e actitudes propios dunha área e cuxa aprendizaxe é necesaria para adquirir o nivel de desempeño indicado nos criterios de avaliación e para o logro dos obxectivos da área.

- **Criterios de avaliación:** referentes que indican os niveis de desempeño esperados no alumnado nas situacións ou actividades ás que se refiren os obxectivos de cada área nun momento determinado do seu proceso de aprendizaxe. Nese sentido, actúan como unha ponte de conexión entre os contidos e os obxectivos da área, polo que son o referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado, e describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos coma en competencias.

- **Orientacións pedagóxicas:** indicacións para orientar o profesorado no deseño e na planificación das estratexias, os procedementos e as accións docentes, de xeito consciente e reflexivo, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado que lle permita o logro dos obxectivos e a adquisición das competencias.

8. ¿Qué planes recogerá el Proyecto Educativo y Funcional?

- Os centros docentes, no uso da súa autonomía, desenvolverán e completarán, de ser o caso, o currículo como proposta pedagóxica, adaptándoo ás características persoais de cada nena ou neno, así como á súa realidade socioeducativa, e fixarán a súa concreción e incorporarana ao seu **proxecto educativo e funcional**, que recollerá o carácter educativo dun e outro ciclo.

- Os centros docentes deberán incluír dentro do seu **proxecto educativo e funcional** un plan lector coa finalidade de promover unha primeira aproximación á lectura, que se concretará anualmente na programación xeral anual a través de actuacións destinadas ao fomento da aproximación á lectura e á escritura, e das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave.

- Os centros docentes deberán incluír dentro do seu **proxecto educativo e funcional** un plan dixital de centro, que se concibe como un instrumento para mellorar o desenvolvemento da competencia dixital da comunidade educativa, o uso das tecnoloxías dixitais no proceso de ensino e aprendizaxe e a transformación dos centros en organizacións educativas dixitalmente competentes, e que se concretará anualmente na programación xeral anual a través das correspondentes actuacións.

- Os centros docentes deberán incluír dentro do seu **proxecto educativo e funcional** un plan de actividades físicas e hábitos saudables coa finalidade de promover unha primeira aproximación ás actividades físicas e deportivas, e aos xogos motores, e que se concretará anualmente na programación xeral anual a través de actuacións destinadas á promoción da práctica de deporte e do exercicio físico por parte das alumnas e dos alumnos durante a xornada escolar.

9. Tratamiento de la transversalidad:

Artigo 16. *Elementos transversais (Decreto 150/2022)*

Na etapa da educación infantil trátaranse, como mínimo, aqueles contidos de carácter transversal que se recollen nos números 7, 8 e 9 do artigo 15, polo tanto:

Nos dous ciclos desta etapa, atenderase progresivamente ao desenvolvemento afectivo, á xestión emocional, ao movemento e aos hábitos de control corporal, ás manifestacións da comunicación e da linguaxe, e ás pautas elementais de convivencia e relación social, así como ao descubrimento da contorna, dos seres vivos que nela conviven e das características físicas e sociais do medio en que viven. Tamén se incluírá a educación en valores.

Así mesmo, incluíranse a educación para o consumo responsable e sustentable, e a promoción e a educación para a saúde.

Ademais, favorecerase que as nenas e os nenos adquiran autonomía persoal e elaboren unha imaxe de si mesmos positiva, equilibrada, igualitaria e libre de estereotipos discriminatorios.

10. ¿Qué elementos contendrán las programaciones didácticas?

Os centros docentes desenvolverán o currículo do segundo ciclo das ensinanzas de educación infantil mediante a elaboración das correspondentes programacións didácticas para cada unha das áreas seguindo as directrices xerais establecidas na concreción curricular, e ateranse ao que establezan os regulamentos orgánicos dos centros nos que se imparten estas ensinanzas.

As programacións didácticas das áreas do segundo ciclo das ensinanzas de educación infantil incluírán, como mínimo, os seguintes elementos:

a) Introducción.

b) Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias.

c) Relación de unidades didácticas coa súa secuencia e temporalización, que incluírán a parte do currículo da área que se traballará.

d) Metodoloxía.

- Concrecións metodolóxicas.
- Materiais e recursos didácticos.

e) Avaliación.

- Procedemento para a avaliación inicial.
- Criterios de valoración do desenvolvemento e das aprendizaxes do alumnado.

f) Medidas de atención á diversidade.

g) Transversal.

- Concreción dos elementos transversais.
- Actividades complementarias.

h) Práctica docente.

- Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro.

- Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.